



SESION ORDINARIA DE 26 DE XULLO E 2023

(Acta número 08)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D^a. María del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Daniel García Fernández
D. Antonio Ameijide Osorio
D^a. Carmen José López Rodríguez
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Angel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a Iria Castro Fernández
D. Carlos López López
D. Armando Castosa Alvariño
D^a. María Sol Morandeira Morandeira
D. Francisco Cajoto Caserío
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José María Fernández Vázquez
D. Clemente Iglesias González
D. Luis Fernández Guitián

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as trece horas e trinta minutos do día **vinte e seis de xullo de dous mil vinte e tres**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa de Secretario o titular da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste o señor Deputado D. Javier Varela Pérez.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA DOCE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o día doce de xullo de dous mil vinte e tres e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230726&punto=1>

PARTE RESOLUTIVA

COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS DO PLENO

2. CONSULTA PÚBLICA PARA A CREACIÓN DUN ÓRGANO ESPECIALIZADO E FUNCIONALMENTE INDEPENDENTE DENOMINADO “TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE RECURSOS CONTRACTUAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO”.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Esta Deputación Provincial pretende a creación dun Tribunal específico no seu ámbito territorial e asimesmo para calesquera entes dependentes como órgano especializado e funcionalmente independente que ostentará a competencia para resolver os recursos especiais en materia de contratación a que se refire o artigo 44 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), ao amparo do previsto no artigo 46.4 in fine da devandita Lei.

Ó respecto da dita intención foi emitido informe xurídico con indicación do procedemento a seguir.

O apartado 4 do artigo 46 LCSP, de carácter básico, respecto ao órgano competente para a resolución do recurso especial, expresa que:

“En todo caso, los Ayuntamientos de los municipios de gran población a los que se refiere el artículo 121 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, y las Diputaciones Provinciales podrán crear un órgano especializado y funcionalmente independiente que ostentará la competencia para resolver los recursos. Su constitución y funcionamiento y los requisitos que deben reunir sus miembros, su nombramiento, remoción y la duración de su mandato se regirá por lo que establezca la legislación autonómica, o, en su defecto, por lo establecido en el artículo 45 de esta Ley. El

Pleno de la Corporación será el competente para acordar su creación y nombrar y remover a sus miembros. El resto de los Ayuntamientos podrán atribuir la competencia para resolver el recurso al órgano creado por la Diputación de la provincia a la que pertenezcan"

A xustificación da oportunidade e necesidade da creación do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Deputación de Lugo veu determinada, unha vez se tiveron en conta o volume económico da contratación da Deputación e a posibilidade de prestar un servizo aos concellos da provincia en exercicio das competencias naturais das deputacións provinciais.

Abúndase así en obxectivos de eficacia e eficiencia na resolucións dos recursos especiais interpostos, ao tratarse dun Tribunal específico para coñecer en exclusiva dos recursos especiais interpostos respecto dos contratos do sector público de entes desta provincia con garantía en todo caso da seguridade xurídica, a través da independencia, cualificación específica e experiencia profesional que se esixirá dos seus compoñentes.

A súa creación realízase no exercicio da potestade regulamentaria e de autoorganización recoñecida a esta deputación na Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e da habilitación establecida pola lexislación básica en materia de contratación prevista no artigo 46.4 LCSP.

Na creación deste Tribunal, queda garantida a seguridade xurídica xa que a normativa básica estatal permite a creación deste tipo de órganos no ámbito local, que poden convivir cos establecidos no ámbito autonómico e estatal, sen colisión competencial. Non é senón unha manifestación máis da garantía da autonomía local recoñecida constitucionalmente ás entidades locais, que ten xa claros exemplos de posta en práctica noutras deputacións e tamén noutros ámbitos, como o económico-administrativo, no que conviven tribunais en diferentes ámbitos territoriais no exercicio das súas competencias.

Ao mesmo tempo garántese o principio de interdicción da duplicidade de órganos administrativos, conforme o disposto no artigo 5 da LPACAP, xa que nesta mesma Administración Pública non existe outro órgano que desenvolva igual función sobre o mesmo territorio e poboación. Cuestión distinta é a existencia dun órgano autonómico, ou estatal, aos que lles corresponde o exercicio das súas funcións en ámbito territorial e poboacional de actuación distinto e non concorrente, entre eles, nin co de ámbito provincial, cuxa creación agora preténdese sobre a base desta proposta de Regulamento.

En canto ao principio de eficiencia para o gasto público respecto do Tribunal cuxa creación está prevista legalmente, unha vez optada por esta posibilidade legal, é indubidable que un órgano de actuación próximo e inmediato, que se caracteriza pola súa especificidade e exclusividade na materia para coñecer: os contratos do sector público do ámbito provincial de Lugo susceptibles de recurso especial, redunda de forma categórica na redución dos prazos de análises e resolución dos devanditos recursos, o que incide sen dúbida na eficiencia na xestión e non supón un significativo

aumento de gastos considerando a complexidade dos mesmos adoitan representar e o sistema de indemnización de gastos aos seus membros en función do volume de asuntos a tratar.

Así, considerando a posibilidade da súa creación, por parte do servizo de contratación seguindo instrucións da secretaría xeral procederáse a elaborar un regulamento de organización e funcionamento do dito tribunal, que deberá de ser coherente cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia, a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Dita regulación deberá observar os principios de necesidade e eficacia dado o interese xeral no que se fundamentan as medidas que se establecen, relacionadas todas elas coa autonomía e potestade de autoorganización en relación coas previsións das LCSP. En canto ao principio de proporcionalidade a iniciativa conterà a regulación imprescindible para alcanzar o obxectivo buscado, que non é outro que a regulación deste órgano de recurso especial no ámbito local previsto na lexislación básica, e sen que existan outras medidas menos restritivas de dereitos ou que impoñan menos obrigas.

En canto á análise do impacto de xénero, conforme ao establecido no artigo 19 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes, desde o punto de vista da regulación das vías de impugnación en materia contractual, enténdese que non ten incidencia algunha sobre a cuestión de xénero, pois se trata en esencia de efectuar unha adaptación da normativa estatal á regulación no ámbito local do recurso especial en materia de contratación.

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da LPACAP, co obxecto de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de norma, substanciase unha consulta pública a través do portal web municipal, na que se solicitará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

En cumprimento do anterior formulase consulta para a configuración do proxecto de Regulamento do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Deputación de Lugo.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren, poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos durante un prazo de 15 días hábiles, contado desde o día seguinte ao da súa publicación na sede electrónica provincial.

Polo que se formula a presente proposta de acordo:

PRIMEIRO. Iniciar os trámites para creación do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Deputación de Lugo.

SEGUNDO. Substanciar unha consulta pública, a través do portal web provincial durante o prazo de 15 días hábiles, con carácter previo á elaboración e aprobación do proxecto de regulamento, de conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas”.

A Comisión de Asuntos do Pleno por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 11 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230726&punto=2>

3. PROPOSTA RELATIVA Á SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE, A FAVOR DO CONCELLO DE ALFOZ DUN TRAMO DA VÍA PROVINCIAL LU-P-0202.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“O Concello de Alfoz mediante escrito presentado no rexistro provincial o 29 de maio de 2023 solicita a cesión gratuíta dun treito de estrada provincial LU-P-0202 localizado entre a intersección coa estrada autonómica LU-160 ata o cruce do campo de fútbol no termo municipal de Alfoz.

A formulación desta solicitude foi adoptada polo Pleno do Concello de Alfoz na sesión ordinaria celebrada o 26.05.2023 na que acordou *Solicitar á Excmá Deputación Provincial de Lugo a cesión parcial da Vía Provincial LU-P02-2 , de San Mamede a San Acisclo, dende punto kilométrico 0+000 (cruce coa LU-160) ata o PK 0+762 (campo de fútbol), no tramo afectado pola execución do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Alfoz para cooperar no financiamento da “ Reparación e remate de beirarrúas na Seara e honorarios” ano 2022, asinado o día 29 de decembro de 2022, conforme ao previsto no proxecto técnico “MEJORA DE LA MOVILIDAD PEATONAL Y SEGURIDAD VIARIA EN LA CARRETERA LUP02-02, EN LA PARROQUIA DE MOR PERTENECIENTE AL TÉRMINO MUNICIPAL DE ALFOZ (LUGO)”, asinado en abril de 2023, polo*

Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Don Sergio Daniel Orosa González. (tramo dende intersección coa autonómica Lu-160 ata o cruce co campo de fútbol).

A tales efectos acompaña o devandito convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Alfoz para cooperar no financiamento da “Reparación e remate de beirarrúas na Seara e honorarios” ano 2022, que, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Provincial celebrada o 22.12.2022, foi asinado polas partes o día 29.12.2022 e do que sinala a cláusula cuarta relativa ao compromiso das partes na que *a axuda da Deputación de Lugo queda condicionada á cesión das vías provinciais afectadas pola execución do convenio.*

Ademais inclúe o citado proxecto de execución da obra expresada que recae sobre o viario provincial solicitado a esta Deputación.

Baixo o CSV IV7OEOX5JD6LJFFPCIXUFYDWMI o Servizo Provincial de Vías e Obras informa o 11.07.2023 que, da documentación aportada polo Concello, o treito solicitado se identifica na estrada provincial LU-P-0202 “A Seara (LU-160)-Oiras (LU-P-0212)”, entre a intersección coa estrada autonómica LU-160 ata o cruce do campo de fútbol, que se desenvolve integramente no dito termo municipal e para ser integrada no patrimonio viario municipal.

Así mesmo expresa que de acordo co Catálogo da Rede Viaria Provincial a estrada conta cunha lonxitude de 8.396,00 m. O treito solicitado é do pq 0+000 ao pq 0+770, lonxitude de 770,00 m, estando situado no núcleo de A Seara. O inicio é na estrada autonómica LU-160. Presenta un firme de mezcla bituminosa en quente, con anchura variable de 7,50 a 15,00, formado por dous carrís de circulación e aparcamento nos treitos máis anchos. Conta con beirarrúas en ambas marxes, agás nos últimos 170,00. O estado xeral da estrada é bo.

Tendo en conta que a lexislación sectorial está presidida pola Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e polo Regulamento xeral de estradas de Galicia aprobado por Decreto 66/2016 do 26 de maio.

Tendo en conta que o cambio de titularidade *podrá comprender carreteras, tramos de éstas, elementos funcionales y/o espacios de la zona de dominio público adyacente* e que se realizará conforme o teor do artigo 9.4 da citada Lei: *“Los cambios de titularidad de carreteras o de tramos de éstas, cuando no se trate de travesías urbanas o tramos de éstas que estén incluidos en el inventario de travesías de su administración titular, deberán ser aprobados por decreto de la Xunta de Galicia, a propuesta de la consejería competente en materia de carreteras y previo acuerdo entre las administraciones afectadas”.*

Ademais o seu número 6 dispón que *“Las resoluciones o los decretos por los que se aprueben los cambios de titularidad de las carreteras objeto de esta ley deberán ser publicados en el Diario Oficial de Galicia y serán efectivos al día siguiente de su publicación en aquél.”*

Así mesmo, e en relación ao procedemento para o cambio de titularidade das estradas, o Decreto 66/2016 de 26 de maio do Regulamento xeral de estradas de Galicia esixe no seu artigo 18.11: *“Los cambios de titularidad de tramos de carreteras a favor de administraciones de menor ámbito territorial sólo se llevarán a cabo cuando se trate de tramos terminales o cuando no impliquen la interrupción de ninguno de los itinerarios de los que forme parte sin que exista una alternativa viaria, existente o planificada, para todos ellos que proporcione un nivel de servicio al menos equivalente, a través de la red de carreteras de la Administración cedente o de las redes de carreteras de titularidad de administraciones de mayor ámbito territorial”.*

Consta no expediente o citado informe favorable do Servizo de Vías e Obras concordado pola Presidencia desta Deputación Provincial de data 11.07.2023 que, acompañado da súa planimetría, conclúe que *este Servizo de Vías e Obras considera que o tramo da estrada LU-P-0202, comprendida entre as coordenadas UTM29 ETRS89 X= 628.100 Y= 4.820.628 (pq 0+000) e X= 627.407 Y= 4.820.384 (pq 0+770), que discorre íntegramente polo termo municipal de Alfoz é susceptible de cesión de titularidade.*

É polo que este Servizo de Vías e Obras informa favorablemente o cambio de titularidade ao Concello de Alfoz do tramo antes indicado da estrada provincial LU-P-0202 “A Seara (LU-160)- Oiras (LU-P-0212)”, de lonxitude total 770,00 m.


Baixo o CSV IV70GXS5EER27RPMYRPSF7ZCKU consta no expediente informe favorable da Secretaría Xeral de 13.07.2023 o presente procedemento relativo á solicitude de cambio de titularidade da estrada provincial mencionada a favor do Concello solicitante que conta coa conformidade da Intervención segundo o contido dos artigos 54 do RDL 781/86 de 18 de abril e 173 do RD 2568/86 de 28 de novembro, en relación co artigo 47.2.ñ) da Lei 7/85 de 2 de abril, ademais do establecido nos artigos 3 e 4 do RD 128/2018 de 16 de marzo polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación Nacional.

Terase en conta que por imperativo legal, contido no nº 4 do artigo 9 da referida Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, o pretendido cambio de titularidade aprobarase por Decreto da Xunta de Galicia previo acordo das administracións afectadas, a cuxos efectos darase conta do acordo plenario provincial ao Concello interesado para a súa aceptación, se procedese. Os citados acordos remitiranse á Consellería competente en materia de estradas para a súa proposta de aprobación. A resolución ou decreto polo que se aprobe o cambio de titularidade das estradas deberán ser publicados no DOG e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación (nº 6 do citado artigo 9).

Unha vez aprobado o cambio de titularidade formalizarase mediante acta de entrega subscrita entre as administracións interesadas segundo a esixencia expresada no artigo 18 números 6, 7 e 8 do Decreto 66/2016 do Regulamento xeral de estradas de Galicia.

De conformidade ao exposto e en aplicación do nº 23 do artigo 57 do noso Regulamento Orgánico proponse ao Pleno:

Primeiro. Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Alfoz do tramo da estrada provincial LU-P-0202 “A Seara (LU-160)- Oiras (LU-P-0212)”, de lonxitude total 770,00 m e que se corresponde coa seguinte representación gráfica:



Segundo
 . Remitir este acordo ao Concello de Alfoz para a súa aceptación polo Pleno Municipal.

Terceiro
 . Someter

á aprobación da Xunta de Galicia o cambio de titularidad do referido tramo de estrada provincial”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Na Comisión Informativa detéctase un erro de transcripción no que se refire ao gráfico que figura na proposta, e por tratarse dun erro material corríxese na propia proposta, que se achega corrixida aos Grupos Provinciais.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230726&punto=3>

--0000--

4. PROPOSTA DE GOBERNO PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALICIA O FIN DOS RECORTES DE PERSOAL EN EDUCACIÓN.

Logo de ver a proposta de Goberno sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, e o Deputado Provincial D. Daniel García Fernández, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno para reclamar á Xunta de Galicia o fin dos recortes de persoal en educación.

Hai 18 anos, o 7 de setembro de 2005, unhas 82.000 familias galegas comezaban o curso académico ca boa noticia de saber que o goberno autonómico progresista conformado polo PSdeG e o BNG viña de aprobar a gratuidade dos libros de texto para educación primaria. Nada mais entrar no Goberno da Xunta de Galicia Alberto Núñez Feijóo eliminaba aquela medida.

Dende entón, e xa van catorce anos consecutivos, as familias galegas encaran cada inicio do curso como unha sorte de “costa de setembro”, no que o custo dos libros, do material escolar e da roupa, teñen un impacto considerable sobre as economías familiares.

Sumado ao incremento do prezo que teñen que afrontar as familias ao inicio do curso escolar, atopámonos co recorte en persoal educativo, nomeadamente profesorado, que vai en detrimento da ensinanza pública galega, principalmente no rural. É ben sabido que ano tras ano a Xunta de Galicia recorta en profesorado durante a época estival e non son poucas as familias que chegan a setembro e se atopan que nos seus centros de ensino cada vez hai menos profesorado e os que quedan teñen que asumir máis carga de traballo. Segundo datos do anuario *Datos e Cifras da Ensinanza non Universitaria*, dende 2008 a 2022 a Xunta conta con 841 profesores/as menos. Todo isto contribúe á complicada tarefa que teñen por diante os profesores e profesoras no seu día a día e na educación e atención recibida polos alumnos/as.

As dúas velocidades cara onde camiña a Xunta de Galicia no ensino, aparecendo grandes diferencias entre rural e urbano, fan que o asentamento de poboación nas zonas rurais aínda sexa cada vez máis complicado. A política de abandono do rural galego por parte da Xunta, tanto en educación, en sanidade, en acceso financeiro, etc, fai que as familias teñan cada vez, menos opcións para comezar o seu proxecto vital lonxe das cidades máis grandes e con máis servizos. Tal é así que a 31 de decembro de 2008 había 1.246 centros escolares en funcionamento e, a día de hoxe, quedan 1.082, é dicir, un 13% menos, segundo o anuario *Datos e Cifras da Ensinanza non Universitaria*.

Un exemplo dos continuos recortes da Xunta do PP en educación é o que sucede no CEIP Aquilino Iglesia Alvariño de Abadín, onde o curso que vén a plantilla vaise ver reducida en dous profesores. Este recorte aínda é máis sangrante se cabe xa que o centro conta cun 16% de alumnos con necesidades educativas especiais. A Xunta baixa o profesorado a sabendas de que o número de alumando para o vindeiro curso é aorredor de 60 alumnos e alumnas, o mesmo que tiña o curso pasado.

Sen embargo, o caso de Abadín non é illado. Existen outros casos como o que veñen denunciando dende FAPACEL no Concello do Incio, onde a Xunta de Galicia vai recortar en tres especialistas para nenos/as con necesidades especiais ou con necesidade de apoio educativo.

Tal é a situación na que se atopa a educación galega neste mes de xullo que a Federación Provincial de ANPAS ten convocada para o día 20 de xullo unha concentración diante da Xunta de Galicia en Lugo para intentar frear os recortes en educación e reclamar un plan educativo específico para o rural.

Este tipo de recortes leva á comunidade educativa a unha situación moi complicada, xa que supón o agrupamento de varios cursos diferentes nunha mesma aula e cun só docente. Isto significa unha perda de calidade no ensino que van recibir os nenos e nenas.

Dende a Deputación de Lugo reclamamos á Xunta, depositaria das competencias plenas en materia educativa, un compromiso coa educación pública e coa axuda ás familias. Un compromiso especialmente necesario na nosa provincia, que vén sufrindo recortes de profesorado, peche de escolas no rural e redución das materias escolares ou ciclo formativos que se poden estudar nos institutos e centros de FP das nosas vilas.

Por todo isto, sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Proposta de Goberno pola que a Deputación Provincial de Lugo solicita á Xunta de Galicia:

- Que rectifique e non recorte o número de profesorado no CEIP Aquilino Iglesia Alvariño de Abadín.
- Que rectifique e non recorte o número de profesorado no colexio do Incio.
- Que instaure un sistema universal de gratuidade de libros de texto para todas as etapas do ensino obrigatorio semellante ao que estivo en vigor durante os anos do Goberno do bipartito.
- Que poña en marcha un plan educativo específico para o rural galego que se adapte ás necesidades reais ofertando unha educación pública e de calidade.
- Que remate coa política de recortes de persoal e garanta que todos os centros lucenses, nomeadamente no rural, conten co profesorado necesario para impartir todos os niveis académicos e ciclos formativos antes de que dea comezo o novo curso escolar”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 11 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

A continuación intervén o Sr. Presidente para propoñer o debate conxunto e a votación separada dos puntos cinco e sete por tratarse de asuntos similares, sendo aprobada a proposta por tódolos Grupos da Corporación.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230726&punto=4>

5. MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA RECLAMAR Á XUNTA MEDIDAS URXENTES PARA RESOLVER OS PROBLEMAS DA SANIDADE PÚBLICA NA PROVINCIA DE LUGO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista para reclamar á Xunta medidas urxentes para resolver os problemas da sanidade pública na provincia de Lugo.

A política de recortes e desmantelamento da Sanidade Pública levada a cabo polo Partido Popular ao fronte da Xunta de Galicia ten afectado moito a toda Galicia e, dun xeito considerable, á provincia de Lugo. As mocións reclamando o mantemento ou recuperación de servizos, a contratación de profesionais, a dotación do persoal das ambulancias, a falta de pediatras e médicos de atención primaria, foron obxecto reiterado de debate no pleno da Deputación Provincial durante o mandato pasado, compoñendo un rosario de reclamacións que debería avergonzar aos responsables do Goberno autonómico e da Consellería de Sanidade.

A xestión de Feijóo, e agora de Rueda, traducíuse nun recorte de preto de 1.100 postos de traballo menos en Atención Primaria en toda Galicia, o peche de centros de saúde de Castro, Parga, Castro de Rei e agora tamén o de Nadela, en Lugo, que leva sen abrir todo o mes de xullo e do descoñecemos a data de reapertura.

O Partido Popular de Feijóo e de Rueda leva tratando aos e ás lucenses como cidadáns de segunda, xa que levan 14 anos xogando coa nosa saúde. Outros exemplos disto é que, senón chega a ser pola presión da cidadanía e dos/as socialistas a través das históricas mobilizacións nas rúas, non teríamos o Servizo de Hemodinámica as 24 horas, nin Radioloxía nin Medicina Nuclear no HULA.

O 20 de abril do ano pasado, Carlos Castro, presidente do Comité de Atención primaria da área sanitaria de Lugo, declaraba: “a presión é brutal, as condicións laborais son pésimas ... e o persoal xa non pode máis”. A liña de actuación da Consellería de Sanidade, que non cubre as xubilacións, nin as baixas, nin as vacacións do persoal sanitario, converte o verán nunha época de alto risco para a saúde dos galegos/as. Todas as deficiencias detectadas agrávanse nunha tempada na que a provincia incrementa a súa poboación por mor do tempada estival.

A pesares dos esforzos investidores que se realizan dende o Goberno Central de Pedro Sánchez para reforzar a atención primaria e a asistencia sanitaria, con 37,8 millóns de euros extras para Galicia, o Partido popular de Feijóo e Rueda deixou sen convocar 151 prazas MIR de médicos de familia, recortou 900 camas hospitalarias e precarizou as condicións laborais dos profesionais sanitarios.

No caso de Lugo, vemos como a modernización e dotación de equipos de alta tecnoloxía sanitaria viñeron da man do Goberno do Partido Socialista que deixou 5,3 millóns de euros e permitiu adquirir para o HULA equipos de radioterapia de precisión e varios TACs para os hospitais comarcais de Monforte e de Burela, así como o reforzo en enfermeiras, fisioterapeutas e nutricionistas para a atención primaria do rural.

Os e as socialistas non nos resignamos ante o modelo sanitario do Partido Popular de recortar medios, privatizar e precarizar os servizos. Aos exemplos mencionados hai que sumar o maltrato constante, con decisións arbitrarias e irresponsables como o peche este verán de 144 camas de hospital na nosa provincia: 68 no HULA, 38 no Hospital de Monforte de Lemos e outras 38 no Hospital de Burela.

O Grupo Socialista da Deputación de Lugo quere deixar constancia unha vez máis da profesionalidade e do sobreesforzo de todo o persoal da sanidade pública galega. Por todo iso o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta:

Que adopte solucións inmediatas como unha convocatoria extraordinaria de especialistas en medicina de familia para resolver as deficiencias xeradas no sistema sanitario.

Que dote de persoal suficiente de profesionais sanitarios para cubrir as baixas, os períodos de vacacións e as xubilacións.

Que remate cos recortes en sanidade e reverta a situación de peches de centros de saúde e camas hospitalarias.

Que abra un proceso de diálogo cos e cas profesionais do sistema sanitario para deseñar dun xeito conxunto ofertas de emprego e un deseño de carreira profesional que palíe as deficiencias de servizos e especialidades como atención primaria ou pediatría.

Que convoque todas as prazas MIR que ten a súa disposición, autorizadas polo Estado, para garantir mais profesionais formados en Galicia que queiran quedarse en Galicia.

Que oferte contratos laborais dignos aos profesionais sanitarios e non teñan que encadear contratos seguidos sen poder establecer un proxecto vital con futuro en Galicia ao darlle garantías laborais”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 11 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230726&punto=5>

6. MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG RELATIVA AO BLOQUEO DA XUNTA DE GALIZA Á CONSOLIDACIÓN E REHABILITACIÓN DA TORRE DE CALDALOBA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Daniel García Fernández, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción relativa ao bloqueo da Xunta de Galicia á consolidación e rehabilitación da Torre de Caldaloba.

Exposición de Motivos:

No Pleno da Deputación Provincial de Lugo do 30 de marzo de 2021 aprobouse unha moción presentada polo BNG relativa ao preocupante estado de conservación da Torre de Caldaloba e reclamando a intervención da XUNTA.

Desta situación tamén deu conta o BNG no Parlamento de Galiza con varias iniciativas que se viñeron a sumar ás xa presentadas en anos anteriores sobre o estado deste BIC e á necesidade do seu paso a mans públicas para a súa posta en valor.

Ante a falta de respostas convincentes por parte da XUNTA, a Vicepresidencia da Deputación de Lugo tomou a iniciativa e procedeu a tramitar a adquisición da Torre de Caldaloba e das propiedades da súa contorna cos elementos patrimoniais que complementan este BIC. Iniciativa que foi torpedeada dende un principio pola Alcaldía do concello de Cospeito co beneplácito da XUNTA.

As actuacións seguidas a continuación pola XUNTA, entorpecendo o remate do procedemento administrativo da adquisición efectuada pola Vicepresidencia da Deputación e impedindo por silencio administrativo a proposta das obras urxentes de consolidación da torre, amosan o desleixo que sente por este Ben de Interese Cultural.

Nesta situación, debido á pasividade das administracións máis obrigadas por lei -XUNTA e Concello, o estado de conservación da torre non fai máis que empeorar, agravándose as posibilidades de derrubes e desprendementos.

Polo exposto con anterioridade, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón que polo Pleno desta Deputación de Lugo se adopten os seguintes acordos:

1. Trasladar á Xunta de Galiza e ao Concello de Cospeito o rexeitamento da Deputación de Lugo a actual situación de moi deficiente conservación en que manteñen o BIC coñecido como Torre de Caldaloba ou Castelo de Vilaxoán.
2. Reclamar á Xunta de Galiza o desbloqueo dos impedimentos postos para poder proceder ao rexistro da propiedade da Torre de Caldaloba adquirida pola Deputación de Lugo.
3. Reclamar á Xunta de Galiza a resolución favorable da solicitude presentada meses atrás de autorización das actuacións precisas para a conservación en boas condicións e sen perigo para as persoas, da propiedade da Torre de Caldaloba adquirida pola Deputación de Lugo.
4. Reclamar á Xunta de Galiza que exerza as súas competencias na materia, garantindo de xeito urxente a consolidación da Torre de Caldaloba, impedindo o avance do proceso de ruína e asegurando a estrutura da construción.
5. Trasladar publicamente á Xunta de Galiza a solicitude da súa colaboración coa Deputación de Lugo para acometer a rehabilitación da Torre e da súa contorna para a súa posta en valor e mellora dos accesos, incluída a sinalización, procedendo ao estudo do conxunto arquitectónico e as súas pertinentes prospeccións arqueolóxicas”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 11 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230726&punto=7>

7. MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG, EN DEFENSA DA ATENCIÓN PRIMARIA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Daniel García Fernández, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción en defensa da atención primaria.

Exposición de Motivos:

Unha vez máis, traemos a debate unha moción en defensa da Sanidade Pública polos ataques reiterados e o desleixo da Xunta de Galiza contra este servizo básico e fundamental da cidadanía.

Denunciamos o desmantelamento do Centro de Atención Primaria de Nadela onde os veciños e veciñas levan xa máis de 2 meses sen medios no seu Centro de Saúde, tendo que derivalos ao centro de Fingoi, o que implica unha perda de calidade da atención primaria, ademais de obrigar á poboación, en moitos casos maiores e con problemas de mobilidade, a desprazarse de maneira innecesaria.

A atención primaria na actualidade está pasando por unha situación límite debido á precarización do servizo por parte da Xunta que pretende pechar o consultorio de Nadela dentro dun proceso de desmantelamento da Sanidade Pública.

A Atención Primaria, baseada na proximidade, na accesibilidade, na relación directa profesionais-doentes e na continuidade da asistencia está en risco extremo. O Partido Popular, dende o goberno, ten feito saltar polos aires os seus alicerces.

O Goberno da XUNTA non só non toma nota, senón que moi ao contrario está tratando de acelerar a súa política de deterioro da sanidade pública, de non repoñer profesionais, sumíndoa nun pozo cada vez máis fondo.

Non hai unha estratexia que permita normalizar a Atención Primaria, que non é o mesmo que volver á situación previa á pandemia, de axendas interminábeis e masificación, senón que permita dispoñer d@s profesionais, recursos e capacidade de tomar decisións, que permitan atender todas as necesidades e demandas da poboación, unha atención sanitaria de calidade.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes Acordos:

Instar á Xunta de Galiza a:

Garantir a atención sanitaria no Centro de Saúde de Nadela á veciñanza das parroquias do sur de Lugo, cubrindo as distintas prazas libres no Centro de Saúde e garantindo a substitución do persoal durante as vacacións.

Aumentar o investimento en Atención Primaria xa que somos a terceira autonomía que menos inviste en sanidade por habitante.

Modificación do Decreto que regula as Areas Sanitarias e os Distritos Sanitarios para crear unha estrutura de xestión da Atención Primaria con capacidade de decisión, orzamentaria e de recursos humanos.

Incorporación á Carteira de Servizos de Atención Primaria de categorías imprescindíbeis para prestar unha atención integral.

Elaborar con urxencia o Plano de Ordenación de RRHH, para identificar as necesidades de persoal de cada colectivo e proceder á súa cobertura, en todas as categorías tanto nos centros de saúde como nos PACs”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 11 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230726&punto=6>

8. MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN A REALIZAR UN REPARTO IGUALITARIO DOS MEDIOS DO PARQUE MÓBIL PARA REALIZAR TAREFAS DE MANTEMENTO NAS VÍAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NOS CONCELLOS DA PROVINCIA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular, a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial Popular para instar ao equipo de goberno da Deputación a realizar un reparto igualitario dos medios do Parque Móbil, para realizar tarefas de mantemento nas vías de titularidade municipal nos concellos da provincia.

Exposición de Motivos:

Contar cunha rede de infraestruturas viarias en bo estado é fundamental para o desenvolvemento social, económico e turístico da provincia e, por extensión, dos seus concellos.

Entre as funcións propias da Deputación de Lugo está a xestión da rede viaria provincial e a asistencia aos Concellos da provincia para que poidan realizar, entre outras actuacións, o arranxo das

vías que percorren os municipios, fins para os que a Deputación de Lugo conta cos recursos económicos, materiais e humanos necesarios.

A institución provincial pode e debe destinar unha cantidade suficiente do seu orzamento para garantir o correcto mantemento da rede viaria da súa titularidade á rede viaria provincial sen esquecer que o parque móbil provincial conta con maquinaria e equipamentos cos que desempeñar as funcións que lle son propias en materia de vías.

Uns medios cos que todos os Concellos da provincia deben poder contar para realizar o correcto mantemento e arranxo das vías que son da súa titularidade xa que son recorrentes as queixas dalgúns alcaldes pola ausencia de resposta ás peticións de maquinaria e equipamentos para realizar estes traballos.

No Grupo Provincial Popular cremos que son os Concellos as entidades máis capacitadas para valorar a necesidade e a oportunidade de desenvolver actuacións neste tipo de infraestruturas e que, coa colaboración da Deputación, se atendan de xeito obxectivo e igualitario todas as necesidades que os distintos rexedores presentan respecto ao uso dos medios dos que dispón o parque móbil provincial.

Ante esta situación, este Grupo considera que é preciso facilitar a posta a disposición dos medios cos que se conta no parque móbil provincial a todos os municipios cunha poboación inferior aos 20.000 habitantes, xa que a optimización dos recursos pasa, entre outras medidas, pola coordinación e polo necesario entendemento entre administracións.

Tendo en conta esta falta de planificación e o descoñecemento dos criterios de distribución, este grupo considera que, é necesario que a entidade provincial, en beneficio do interese xeral de todos os veciños da provincia, actúe de xeito transparente á hora de asistir aos Concellos da provincia para arranxar incidencias nas estradas municipais, fundamentalmente no que respecta á reparación do asfaltado e aos traballos de limpeza das vías.

Para coordinar a distribución destes servizos sería axeitado crear e convocar, no prazo máximo dun mes, unha mesa de traballo formada por representantes dos grupos políticos e o persoal da Deputación Provincial que se considere oportuno para analizar as necesidades existentes e así poder actuar nos diferentes municipios con transparencia e igualdade”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 11 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230726&punto=8>

9. MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN A CONSTITUIR A COMISIÓN ESPECIAL DE QUEIXAS, SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial Popular para instar ao equipo de goberno da Deputación a constituir a Comisión Especial de Queixas, Suxestións e Reclamacións.

Exposición de Motivos:

Os cidadáns temos dereitos ante a Administración pública. Un deles é o dereito a presentar suxestións, queixas ou reclamacións en relación co funcionamento dos servizos públicos e os órganos e unidades da Administración.

De feito, tendo en conta a necesidade de garantir a defensa dos dereitos dos veciños, a lei establece un órgano no ámbito organizativo das Administracións Locais: a Comisión especial de Suxestións e Reclamacións, que debe ser creada polo Pleno.

Así o recolle o artigo 132 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local introducido pola Ley 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e tamén o propio Regulamento Orgánico da Deputación de Lugo aprobado en Pleno o 30 de xuño do 2020 no seu artigo 74, que di o seguinte:

“Créase para a defensa das competencias e intereses xerais dos municipios e da cidadanía en xeral a Comisión Especial de Queixas, Suxestións e Reclamacións, cuxo funcionamento está regulado mediante un Regulamento propio.

A Comisión Especial de Queixas, Suxestións e Reclamacións estará formada por representantes dos Grupos Políticos que integren o Pleno na mesma proporción que as Comisións Informativas.

A citada comisión poderá supervisar a actividade da Deputación, e deberá dar conta ao Pleno, mediante un informe anual das queixas presentadas e das deficiencias observadas no funcionamento dos servizos provinciais, con especificación das suxestións e recomendacións presentadas, das admitidas e das rexeitadas.

Para o desenvolvemento das súas funcións, todos os órganos de goberno da Deputación están obrigados a colaborar coa Comisión Especial de Queixas, Suxestións e Reclamacións”.

Entendendo a defensa dos dereitos dos cidadáns e a mellora da xestión por parte da entidade provincial dos asuntos que lles afectan directamente como tarefas básicas dunha Administración pública, faise necesaria a constitución desta Comisión especial. Entre as súas funcións atópase: recibir as queixas, reclamacións ou suxestións formuladas polas cidadanía; dar conta ao Pleno a través dun informe ou memoria anual dun resumo de actuacións e suxerir medidas para evitar a acumulación de queixas; analizar as causas que motivan esa acumulación; e supervisar a actividade da Administración provincial.

É fundamental dar resposta e resolver os problemas dos cidadáns relacionados con esta entidade aos cidadáns con axilidade e dentro dun período de tempo razoable. Polo tanto, para analizar e revisar o motivo da queixa e dar resposta aos cidadáns nun prazo breve, sería conveniente recoller o funcionamento desta Comisión especial no seu regulamento establecendo unha periodicidade bimensual das súas reunións, coa presenza de representantes de tódolos Grupos que integran a Corporación Provincial na mesma proporción que as Comisións Informativas.

Esta Comisión especial, perfectamente regulada, permite tamén afondar nunha maior transparencia e participación cidadá nos asuntos relacionados con esta entidade. Ningunha administración se pode permitir no século XXI estar funcionando de costas á cidadanía. Polo tanto, debe darlle difusión a través de distintas canles para garantir que os veciños e veciñas da provincia teñan coñecemento desta ferramenta; así coma da existencia do modelo normalizado para a presentación de avisos, queixas e suxestións ante a Deputación de Lugo.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Corporación da Deputación da Lugo insta ao goberno provincial a:

1. Constituír e convocar no prazo dun mes a Comisión Especial de Queixas, Suxestións e Reclamacións, atendendo ao establecido no artigo 74 do Regulamento Orgánico da Deputación de Lugo.
2. Redactar e aprobar un Regulamento propio que regule o seu funcionamento e onde se recolla a celebración bimensual das súas sesións ordinarias ao longo de cada mandato, previa convocatoria dos membros dos distintos Grupo Políticos que forman parte desta Comisión especial na mesma proporción que as Comisións Informativas, para dar resposta aos cidadáns nun prazo breve de tempo”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 11 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230726&punto=9>

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

10. CONTA DE RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA RELATIVA Á COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

Dáse conta da resolución da Presidencia de data catorce de xullo de dous mil vinte e tres, relativa á composición das Comisións Informativas. O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230726&punto=10>

11. CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA CATORCE DE XULLO DE 2023, RELATIVO Á DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO.

O Pleno da Corporación queda enterado do acordo adoptado pola Xunta de Goberno en sesión extraordinaria celebrada o día catorce de xullo de 2023, relativo á determinación da periodicidade das sesións da Xunta de Goberno.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230726&punto=11>

12. CONTA DOS ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO E RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, RELATIVOS A MODIFICACIÓNS DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022, POLOS CONCELLOS DE FOLGOSO DO COUREL, XERMADE E O SAVIÑAO.

Aos efectos do previsto nas bases do Plan Único 2022, en relación coa modificación/substitución de investimentos, no que se sinala na base 14 “..Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente motivada, xurdira a necesidade de modificar ou substituír un investimento inicialmente incluído por outro, dita modificación/substitución será solicitada polo Concello, achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria...” dase conta ao Pleno do acordos

adoptados pola Xunta de Goberno de datas 21/04/2023, 23/06/2023 e Resolucións da Presidencia de data 14 de xullo de 2023 respectivamente, en relación con escritos presentados polas Alcaldías dos Concellos de Folgoso do Courel, Xermade e O Saviñao, solicitando a modificación de investimentos incluídos inicialmente no Plan Único 2022, do que se adxunta certificación do amentado acordo, sen afectar á achega total que efectúa a Deputación.

O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230726&punto=12>

13. CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO RELATIVO Á MODIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2023, POLO CONCELLO DE RIBADEO.

Aos efectos do previsto nas bases do Plan Único 2023, en relación coa modificación/substitución de investimentos, no que se sinala na base 14 “.. *Se por circunstancia sobrevida e/ou motivos xustificadas, o Concello non puidera contratar e executar o investimento incluído no Plan único, motivadamente, poderá solicitar a modificación do proxecto do investimento ou substitución do investimento inicialmente incluído no Plan por outro, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), séndolle igualmente aplicable o prazo de xustificación fixado nestas bases. Dita modificación/substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase á aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria....*” dase conta ao Pleno do acordo adoptado pola Xunta de Goberno de data 23/06/2023 en relación co escrito presentado pola Alcaldía do Concello de Ribadeo, solicitando a modificación dun investimento incluído inicialmente no Plan Único 2023, do que se adxunta certificación do amentado acordo, sen afectar á achega total que efectúa a Deputación.

O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230726&punto=13>

14. INFORME ANUAL DE CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN DE LUGO DO EXERCICIO 2022.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe anual de control financeiro da Deputación de Lugo no exercicio 2023.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230726&punto=14>

15. INFORME DOS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO E MARZO DE 2023 RELATIVOS AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DO REAL DECRETO 635/2014 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

Logo de ver o informe dos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2023 relativos ao cumprimento de prazos do Real Decreto 635/2014 da Deputación Provincial de Lugo e do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230726&punto=15>

16. INFORME DO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2023 RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010.

O Pleno da Corporación queda enterdo do informe do primeiro trimestre de 2023 realtivo ao cumprimento de prazos da Lei 15/2010.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230726&punto=16>

17. INFORMACIÓN ECONÓMICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO A 31 DE MARZO DE 2023.

Logo de ver a información económica da Deputación de Lugo a 31 de marzo de 2023, o Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230726&punto=17>

18. INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI 2/2012, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA A 31 DE MARZO DE 2023 E PREVISIÓNS A 31 DE DECEMBRO DE 2023.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe de avaliación de cumprimento de obxectivos que contempla a Lei 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira a 31 de marzo de 2023 e previsións a 31 de decembro de 2023.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230726&punto=18>

19. INFORME ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO DE CONTRATACIÓN DO ANO 2019.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe anual de control financeiro de contratación do ano 2019.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230726&punto=19>

20. INFORME DE CONTROL FINANCEIRO DA CONTA 413 DO EXERCICIO 2022 EN CUMPRIMENTO DA DA 3ª DA LEI ORGÁNICA 9/2013, DE 20 DE DECEMBRO, DE CONTROL DA DÉBEDA COMERCIAL NO SECTOR PÚBLICO INCLUIDA NO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO DO EXERCICIO 2022.

Logo de ver o informe de control financeiro da conta 413 do exercicio 2022 en cumprimento da Disposición Adicional 3ª da Lei Orgánica 9/2023, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público incluída no Plan Anual de control financeiro do exercicio 2022.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230726&punto=20>

21. COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

1.- Conta das resolución da Presidencia adoptadas durante os meses de abril, maio e xuño de 2023.

Resolucións da Presidencia ditadas dende o día catro de abril ao vinte e nove de xuño de dous mil vinte e tres, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 1420 ao 3026, e cuxas copias foron remitidas aos Grupos Políticos Provinciais.

O Pleno da Corporación queda enterado.

2.- Conta da resolución da Presidencia sobre nomeamento de representantes en órganos colexiados.

Resolución da Presidencia de data vinte e catro de xullo de dous mil vinte e tres relativa ao nomeamento de representantes en órganos colexiados de acordo coas propostas presentadas polos Grupos Provinciais.

O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230726&punto=21>

22. **ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Por parte do Sr. Presidente manifestase que hai unha Pregunta e dous Rogos presentados polo Grupo Provincial Popular, que se tratarán a continuación.

P R E G U N T A

Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa as tarefas de desbroce, que di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte Pregunta:

Moitas das estradas da rede provincial atópanse en moi mal estado, co pavimento cheo de fochancas e deficiente sinalización, o que provoca numerosas molestias aos usuarios, avarías nos seus coches e risco para a seguridade viaria. É un problema xeneralizado.

A maiores, como cada ano por estas datas, a rede provincial de estradas presenta outro problema ao seu paso por varios concellos: a abundante maleza que medra nas súas beiras, a consecuencia da deficiente xestión do equipo de goberno provincial sobre a campaña de roza, limita a visibilidade e crea graves riscos para a circulación rodada e peonil.

Esta situación agrávase en zonas que rexistran un maior volume de tráfico coincidindo coa temporada estival porque, ademais dos veciños e veciñas, as vías de titularidade provincial son empregadas polos visitantes que se achegan ás nosas praias ou a outros puntos de interese turístico da provincia. Un claro exemplo é a situación das vías provinciais que transcorren polo termo municipal de Xove.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Cando ten previsto a Área de Xestión Territorial da Deputación Provincial de Lugo que asume directamente o señor presidente desta institución, Don José Tomé Roca, que se rematen as tarefas de roza en tódalas vías provinciais? Ten prevista unha modificación para o vindeiro ano para adiantar e planificar dun xeito máis periódico e igualitario a roza das vías provinciais?”.

R O G O S

Primeiro.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo as LU-P-6103 e LU-P-6104, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

Contar cunha rede viaria en bo estado de mantemento é fundamental de cara a garantir unha axeitada seguridade viaria e unhas boas comunicacións na provincia .

O mal estado da rede viaria provincial é unha das principais queixas de veciños e alcaldes en todos os municipios de Lugo.

No caso de Trabada, os veciños deste municipio realizaron numerosas queixas sobre o mal estado das estradas provinciais LU-P-6103 “Trabada – Fórnea – Barreiros” (Intermunicipal Barreiros – Trabada) e LU-P-6104 “ Trabada – San Tirso de Abres (límite provincia) , as dúas principais vías de comunicación deste concello.

A LU-P-6103, que conecta Trabada e Fórnea, trátase dunha vía moi empregada xa que é a principal conexión deste municipio co Hospital Público da Mariña. Nesta vía hai problemas de falta de visibilidade, sendo por momentos case imposible circular por ela, atópase nun estado de total falta de mantemento e coa sinalización horizontal totalmente borrada

No referente á LU-P-6104, que é a principal conexión deste municipio con Asturias, sería convinte realizar un reasfaltado con aglomerado en quente e limpar a maleza que, en moitos puntos, invade a calzada.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

Realice as xestións oportunas para levar a cabo, á maior brevidade posible, actuacións de mellora do pavimento e sinalización horizontal nas LU-P-6103 e LU-P-6104”.

Segundo.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo ás estradas LU-P-4303, LU-P-5602 e LU-P-5701, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte **rogo**:

O mal estado de moitas estradas da rede viaria provincial é unha queixa habitual por parte dos veciños e veciñas de moitos concellos da provincia de Lugo.

É o caso dos veciños e veciñas de Sarria que teñen trasladado aos deputados deste Grupo Provincial o seu malestar debido a que o goberno da Deputación de Lugo leva moito tempo sen realizar as oportunas reparacións nas estradas LU-P4303 “Centro emisor de TVE (Alto do páramo)”

(Intermunicipal O Páramo – Sarria); LU-P-5602 “Samos – Pintín – Sarria” (Intermunicipal Samos – Sarria) e LU-P-5701 “Sarria – Céltigos – Armea” (Intermunicipal Láncara – Sarria) , ao seu paso polo municipio, e o seu mal estado supón un risco para os condutores que non poden facer nada por esquivaras fochancas e poden sufrir danos nos seus vehículos.

Os veciños e veciñas da zona tamén reclaman melloras na seguridade da estrada LU-P-5709 “ Santa María – Vilamaior – Castro de Rei de Lemos” (Intermunicipal Paradela – Sarria). Tendo en conta que os vehículos circulan a velocidades moi elevadas, sería conveniente estudar a colocación dalgún elemento que contribúa a minorar a velocidade dos vehículos nos puntos máis perigosos.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

Realice as xestións oportunas para levar a cabo, canto antes, actuacións de mellora para corrixir as deficiencias das estradas provinciais LU-P-4303; LU-P-5602 e LU-P-5701 e a instalación de elementos que melloren a seguridade na LU-P-5709”.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230726&punto=22>

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretario, certifico.